

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

ORDE do 12 de decembro de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2025 (códigos de procedemento MR506A e MR506B).

O Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) núm. 1305/2013 e (UE) núm. 1307/2013, considera no seu artigo 55 os tipos de intervencións que se van realizar no sector apícola e a axuda financeira da Unión para esta intervención, destinada á elaboración de programas nacionais para mellorar as condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas. Os Estados membros elixirán un ou varios dos tipos de intervencións no sector apícola para cada obxectivo específico elixido recollido no artigo 6, punto 1 nos seus plans estratéxicos da política agrícola común (PAC).

Neste sentido, o Plan estratéxico nacional da PAC do Reino de España 2023-2027, aprobado pola Comisión Europea o 30 de agosto de 2022 fixou os seguintes obxectivos para a intervención sectorial apícola:

a) Obxectivo primario: obxectivo específico 6. Contribuír á protección da biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes, considerado como obxectivo primario da intervención.

b) Obxectivo específico 12. Mellorar a orientación ao mercado e aumentar a competitividade, en particular, facendo maior fincapé na investigación, na tecnoloxía e na dixitalización.

c) Obxectivo específico 3. Mellorar a posición dos agricultores na cadea de valor.

d) Obxectivo específico 4. Contribuír á atenuación do cambio climático e á adaptación aos seus efectos, así como á enerxía sustentable.

e) Obxectivo específico 9. Mellorar a resposta da agricultura da UE ás exixencias sociais en materia de alimentación e saúde, en particular en relación cuns produtos alimenticios



seguros, nutritivos e sustentables, así como no relativo ao malgasto de alimentos e o benestar dos animais.

f) Obxectivo transversal. Modernizar o sector a través do fomento e a posta en común do coñecemento, a innovación e a dixitalización nas zonas agrícolas e rurais e promover a súa adopción.

O citado regulamento considera as intervencións para financiar e un réxime de cofinanciamento comunitario polo que os Estados membros proporcionarán, polo menos, unha contía de financiamento igual á axuda financeira da Unión, e considera, así mesmo, a facultade da Comisión Europea para adoptar actos delegados e de execución respecto ás intervencións.

Con base nesa facultade e co fin de garantir o correcto funcionamento do réxime de axudas no devandito marco xurídico, publicouse o Regulamento de execución (UE) 2021/2290 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen normas sobre os métodos de cálculo dos indicadores comúns de realización e de resultados establecidos no anexo I do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) núm. 1305/2013 e (UE) núm. 1307/2013; e o Regulamento delegado (UE) 2022/126 da Comisión, do 7 de decembro de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo aos requisitos adicionais para determinados tipos de intervención especificados polos Estados membros nos seus plans estratéxicos da PAC para o período 2023-2027 en virtude do devandito regulamento, e ás normas sobre a proporción relativa á norma 1 das boas condicións agrarias e ambientais (BCAM).

Así mesmo, é relevante sinalar, en relación coa aplicación do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, o Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, sobre o financiamento, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) 1306/2013.

Os citados regulamentos establecen as normas de aplicación que rexen a axuda concedida pola Unión aos tipos de intervencións en apicultura a que se refire o Regulamento

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



(UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, no seu artigo 55, que derroga a partir do 1 de xaneiro de 2023 o anterior réxime xurídico que daba soporte aos programas nacionais para a apicultura, articulado mediante o Regulamento (UE) núm. 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) núm. 922/72, (CEE) núm. 234/79, (CE) núm. 1037/2001 e (CE) núm. 1234/2007, sendo igualmente destacables respecto desta regulación o Regulamento delegado (UE) 2015/1366 da Comisión, do 11 de maio de 2015, polo que se completa o Regulamento (UE) núm. 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás axudas ao sector da apicultura, e o Regulamento de execución (UE) 2015/1368 da Comisión, do 6 de agosto de 2015, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) núm. 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás axudas ao sector da apicultura.

Convén destacar tamén respecto desta regulación, o Regulamento de execución (UE) 2022/1475 da Comisión, do 6 de setembro de 2022, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello no que incumbe á avaliación dos plans estratéxicos da PAC e á subministración de información para o seguimento e a avaliación.

A regulación, no ámbito nacional, deste réxime de concesión de axudas, así como as condicións de financiamento, está recollida no Real decreto 906/2022, do 25 de outubro, modificado polo Real decreto 1059/2024, do 15 de outubro, polo que se regula a Intervención Sectorial Apícola no marco do Plan estratéxico da política agrícola común do Reino de España 2023-2027, conforme o establecido polos mencionados Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021; Regulamento de execución (UE) 2021/2290 da Comisión, do 21 de decembro de 2021; Regulamento delegado (UE) 2022/126, da Comisión, do 7 de decembro de 2021; Regulamento de execución (UE) 2022/1475 da Comisión, do 6 de setembro de 2022, e Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, así como de conformidade coa restante normativa da Unión Europea concordante.

Este real decreto ten por obxecto establecer a normativa básica das subvencións destinadas á mellora das condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas en España, no marco de intervención sectorial apícola recollida no Plan estratéxico nacional da política agrícola común (PAC) do Reino de España 2023-2027, en cumprimento do disposto polo Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Tamén convén facer referencia dentro da normativa de ámbito nacional ao Real decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da política agrícola común e ao Real decreto 147/2023, do 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións consideradas no Plan estratéxico da política agrícola común, e se modifican varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da política agrícola común para o período 2023-2027. Estes dous reais decretos foron modificados polo Real decreto 1028/2024, do 8 de outubro, polo que se modifican diversos reais decretos en materia de política agrícola común, para a súa adaptación á modificación do Plan estratéxico da política agraria común.

Na súa virtude, de conformidade co disposto no artigo 30.1.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confiren o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto*

1. Esta orde ten por obxecto establecer, en réxime de concorrencia competitiva, as bases reguladoras das axudas destinadas á mellora das condicións xerais de produción e comercialización dos produtos apícolas, no marco da Intervención Sectorial Apícola recollida no Plan estratéxico nacional da política agrícola común (PAC) do Reino de España 2023-2027 e proceder á súa convocatoria para o ano 2025 (códigos de procedemento MR506A e MR506B).

2. As bases reguladoras publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 2. *Definicións*

1. Para os efectos desta orde entenderase como:

a) Colmea: unidade que alberga unha colonia de abellas utilizadas para a produción de mel e outros produtos da apicultura o material de reprodución de abellas, así como todos os elementos necesarios para a súa supervivencia.



b) Campaña apícola: período de doce meses consecutivos comprendidos entre o 1 de agosto dun ano e o 31 de xullo do ano seguinte.

c) Causas de forza maior ou circunstancias excepcionais: para efectos dos tipos de intervención da intervención sectorial apícola, poderá recoñecerse a existencia de causas de forza maior e de circunstancias excepcionais de acordo co establecido no artigo 3 do Regulamento (UE) 2021/2116, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021.

Segundo se define na Comunicación C (88) 1696 da Comisión do 6 de outubro de 1988, relativa á «forza maior» no dereito agrario europeo (88/C 259/07), cando unha persoa beneficiaria queira acollerse á fórmula «salvo causa de forza maior» deberá achegar á autoridade competente correspondente unha proba documental irrefutable, conforme aos medios admitidos en dereito, salvo nos casos establecidos no artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021.

d) Acción: para efectos da intervención sectorial apícola, entenderase como acción calquera das medidas consideradas nos diferentes tipos de intervención que establece o artigo 55.1, parágrafo primeiro, letras a) a g) do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021.

e) Agrupacións de apicultores/as: todas aquelas organizacións ou asociacións de apicultores/as legalmente recoñecidas.

f) Exercicio financeiro: período comprendido entre ou 16 de outubro do ano n-1 e ou 15 de outubro do ano n.

g) Colmea válida: colmea viva, situada en alvarizas non abandonados e correctamente identificadas de acordo co establecido no Real decreto 209/2002.

h) Colmea morta: colmea na que se evidencia a falta de actividade biolóxica dos seus elementos vivos (insectos adultos e crías).

i) Alvariza: conxunto de colmeas, pertencentes a un ou varios titulares e que se atopan nun mesmo asentamento.

j) Alvariza abandonada: alvariza con máis do 50 por 100 das colmeas mortas.



2. Así mesmo, aplicaranse o resto de definicións recollidas no artigo 2 do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas, así como as que resulten de aplicación do artigo 4 do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, e do resto de normativa comunitaria que se lle aplique a esta Intervención Sectorial.

Artigo 3. Finalidade das axudas, contías e límites

1. Poderán ser obxecto das axudas, de acordo coa normativa comunitaria, aquelas actividades ou investimentos que estean recollidos no anexo I do Real decreto 906/2022, do 25 de outubro, e encamiñadas a acadar os obxectivos dos seguintes tipos de intervención:

I) Intervención 1. Servizos de asesoramento, asistencia técnica, formación, información e intercambio de mellores prácticas, en particular mediante actividades de colaboración en redes, para apicultores/as e organizacións de apicultores/as.

A esta intervención só poderán optar as cooperativas apícolas, organizacións representativas, agrupacións de defensa sanitaria (ADS) e asociacións de apicultores/as, con personalidade xurídica propia, na medida que os seus integrantes cumpran os requisitos recollidos no artigo 4 para ser beneficiarios, no sucesivo, agrupacións de apicultores/as (procedemento MR506B).

Acción 1.1. Contratación directa de técnicos e especialistas para a información e a asistencia a apicultores/as e a membros de agrupacións de apicultores/as en aspectos de sanidade apícola, loita contra agresións da colmea, análise de laboratorio (para a análise de produtos apícolas, a perda de abellas ou as caídas da produtividade, e de substancias potencialmente tóxicas para as abellas como pesticidas), cría e selección, incluíndo a cría de raíñas, a optimización ambiental de explotacións e asesoramento global en produción e a xestión apícola, sobre prácticas de manexo en materia de adaptación ao cambio climático e en materia de comercialización dos produtos apícolas.

A contratación destes servizos poderá facerse tamén a través de asistencias técnicas con terceiros, que se rexerá polos principios e requisitos que en materia de moderación de custos establece o Real decreto 1047/2022, do 27 de decembro. En ningún caso se incluírá o apoio directo ás accións mencionadas, que é obxecto doutras liñas da intervención.

Cada agrupación de apicultores/as deberá designar a un técnico como responsable da execución do programa de información e asistencia técnica, que, necesariamente, deberá



ser unha persoa licenciada en veterinaria. Para o caso do restante persoal técnico, as titulacións admitidas serán as recollidas no terceiro parágrafo da letra f) do artigo 7 desta orde.

A axuda para a contratación de persoal técnico poderá ser de ata o 90 % do seu custo, cunha limitación de 30.000 euros por técnico e para un período de traballo de 12 meses a xornada completa, e o importe total non poderá ser superior ao valor de 1 euro por colmea rexistrada na correspondente agrupación de apicultores/as. Poderá subvencionarse a contratación de tantos técnicos como sexa necesario, atendendo á duración da contratación e á xornada de traballo establecida en cada contrato, e sempre e cando non se superen os citados límites.

No caso de contratos cunha duración inferior a 12 meses e/ou a tempo parcial efectuarase o cálculo proporcional que corresponda.

En todo caso, o importe máximo da axuda nesta acción por agrupación de apicultores/as non superará os 60.000 euros.

Acción 1.2. Organización, celebración e asistencia a cursos de formación e formación continuada, incluíndo a formación *online*, especialmente sobre as materias indicadas no punto anterior, para apicultores/as, persoal técnico e especialista de agrupacións e asociacións de apicultores/as, así como para o persoal de laboratorios apícolas de agrupacións e asociacións de apicultores/as, incluíndo as viaxes para atender cursos de formación in situ.

Poderá subvencionarse ata o 60 % do seu custo e cun importe máximo de axuda por agrupación de 5.000 euros.

No caso de celebración de cursos deberán comunicar polo menos cun mes de antelación, o lugar, as datas e as horas de realización das actividades, para poder efectuar as comprobacións que se consideren oportunas. O mesmo no caso de que estes se realicen por teleformación, facilitando un usuario e a contrasinal que permitan acceder aos contidos.

No caso de organización e realización de cursos, serán subvencionables os seguintes gastos:

- Custos de xestión e organización.
- Gastos de profesorado.



- Material didáctico.
- Alugueiro de locais.
- Gastos de desprazamento e manutención do persoal docente.
- Custos de equipo directamente vinculados á actividade formativa. Neste epígrafe entrará o custo das plataformas dixitais para a formación e os medios para o desenvolvemento da formación.

En ningún caso se poderán imputar:

- As comidas dos participantes nas accións formativas.
- A adquisición de material inventariable.

Para todos os cursos desenvolvidos, tanto de xeito telemático coma presencial, deberá quedar constancia documental dos asistentes mediante a sinatura electrónica ou manuscrita deles.

Acción 1.3. Medios de divulgación técnica, a través de folletos, catálogos e outras publicacións, así como de soportes audiovisuais e informáticos.

Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo cun importe máximo de axuda por agrupación de 5.000 euros.

Acción 1.4. Contratación de persoal administrativo.

Contratación de persoal administrativo para agrupacións de defensa sanitaria (ADS) apícola e agrupacións de apicultores/as, incluíndo tanto a súa contratación directa, como a dos seus servizos especializados a través de terceiros. Máximo unha persoa auxiliar por ADS/agrupación. Esta acción estará supeditada a que se cubran as necesidades financeiras para atender primeiro a acción 1.1.

Poderá subvencionarse ata o 90 % do custo da contratación de 1 persoa como administrativa, cun máximo de 0,5 euros por colmea rexistrada na correspondente agrupación de apicultores/as e sen superar os 15.000 euros por beneficiario para un período de traballo de 12 meses a xornada completa.



No caso de contratos cunha duración inferior a 12 meses e/ou a tempo parcial efectuarase o cálculo proporcional que corresponda.

Os gastos administrativos non poderán exceder o 4 % do total dos custos subvencionables da axuda solicitada. Non se considerarán subvencionables os custos administrativos relacionados coa xestión e tramitación da solicitude de axuda ou pagamento ante a autoridade competente.

II) Intervención 2. Investimentos en activos materiais e inmateriais, así como outras accións, incluídas as destinadas a:

Intervención 2.1. Loitar contra os invasores e as enfermidades das colmeas, en particular, a varroose.

Acción 2.1.1. Tratamentos contra a varroose, autorizados pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios, seleccionados e aplicados con base na correspondente prescrición veterinaria (no caso de produtos exentos de prescrición veterinaria, o tratamento aplicarase conforme as indicacións recollidas na ficha técnica do devandito produto), ata un custo máximo de 2,5 €/colmea. O devandito custo será revisado anualmente.

Poderá subvencionarse ata o 90 % do seu custo, e co límite de 18.000 euros para o caso de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas.

Acción 2.1.2. Tratamentos contra varroose, autorizados pola Axencia Española do Medicamento e Produtos Sanitarios que sexan compatibles coa apicultura ecolóxica seleccionados e aplicados con base na correspondente prescrición veterinaria (no caso de produtos exentos de prescrición veterinaria, o tratamento aplicarase conforme as indicacións recollidas na ficha técnica do devandito produto), para aqueles apicultores/as que produzan de acordo ás condicións que establece o Regulamento 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetaxe dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) núm. 834/2007 do Consello. O uso de produtos compatibles con apicultura ecolóxica por parte de produtores de apicultura convencional será financiado baixo a acción 2.1.1.

Os tratamentos serán seleccionados e aplicados sobre a base da correspondente prescrición veterinaria. No caso de produtos exentos de prescrición veterinaria, o tratamento aplicarase conforme as indicacións recollidas na ficha técnica do dito produto.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyI8



Poderá subvencionarse ata o 100 % do seu custo, cun máximo de 5 euros por colmea que sexa obxecto dalgún tipo de tratamento, e co límite de 18.000 euros para o caso de persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas.

Acción 2.1.3. Produtos para incrementar a vitalidade das colmeas en estados de risco para a supervivencia da colonia, ligados a factores sanitarios e climáticos en condicións de emerxencia para a colmea. Entre as condicións consideradas están as cuestións ambientais provocadas polo cambio climático ou polo cambio brusco das condicións climáticas (secas prolongadas, altas temperaturas, choivas persistentes, etc.), cuestións sanitarias derivadas co control da varroa, danos provocados por especies invasoras e os desastres naturais.

Ademais, as materias primas que se empreguen para alimentar ás colmeas deberán estar incluídas en:

– O catálogo de materias primas para pensos que se recolle no Regulamento (UE) nº 68/2013 da Comisión, do 16 de xaneiro de 2013, relativo ao Catálogo de materias primas para pensos, ou ben,

– No rexistro de materias primas para pensos (<https://www.feedmaterialsregister.eu/>).

Poderá subvencionarse ata o 80 % do seu custo, co límite de 6 euros por colmea.

Acción 2.1.4. Renovación e acondicionamento de cera (incluíndo equipos e cámaras de refrixeración para manter en bo estado os cadros de cría).

Para que a adquisición ou a compra de cera sexa subvencionable, esta deberá durar como mínimo tres anos, e non poderá estar substituíndo un activo igual financiado anteriormente.

Poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo, co límite de 5 euros por colmea.

Acción 2.1.5. Adquisición de trampas, atraentes, equipos de protección individual e calquera outra medida aprobada pola autoridade competente para a captura, eliminación, disuasión e control de *Vespa velutina* (fondos sanitarios, reixas excluíntes, sistemas de protección mediante redes, etc.), así como para outras especies exóticas invasoras.



2.1.5.1. Trampas e atraente.

O número máximo de trampas e atraente subvencionables virá determinado polo número de colmeas da persoa apicultora en cada un dos asentamentos que posúa:

- 1 trampa en asentamentos de ata 10 colmeas.
- 2 trampas en asentamentos de ata 25 colmeas.
- 3 trampas en asentamentos de ata 50 colmeas.
- 4 trampas en asentamentos de máis de 50 colmeas.

Poderá subvencionarse ata o 100 % do custo das trampas e do atraente necesario para un período de catro meses, segundo as recomendacións do fabricante, cun límite máximo de 5 euros por trampa, e 12 euros polo atraente que necesita cada trampa.

2.1.5.2. Equipos de protección individual e outras medidas de captura, eliminación, disuasión e control de *Vespa velutina* e outras especies exóticas invasoras.

Poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo, cun límite máximo de 3 € por colmea.

Acción 2.1.8. Sistemas de xestión colectiva de residuos de medicamentos por parte de agrupacións de apicultores/as.

Poderá subvencionarse ata o 80 % do seu custo.

Intervención 2.2. Previr os danos ocasionados por fenómenos climáticos adversos e fomentar o desenvolvemento e a utilización de prácticas de xestión adaptadas a unhas condicións climáticas cambiantes.

Acción 2.2.1. Estudos que inclúan exemplos prácticos do manexo e xestión nas explotacións apícolas.

Acción 2.2.2. Gastos de investimento en equipamento que permita a adaptación a fenómenos climáticos adversos e condicións climáticas cambiantes na explotación apícola.

Para as dúas accións, poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.



Intervención 2.3. Repoboar as colmeas na Unión Europea, en particular mediante a cría de abellas.

Este tipo de intervención estará supeditado a que as compras de raíñas e/ou enxames se realicen só a explotacións que consten en Rega cunha clasificación zootécnica compatible coa actividade, isto é, explotacións con orientación de «selección e cría» ou «mixtas», e a comprobación dos movementos e actualizacións censuais correspondentes.

Acción 2.3.1. Investimentos para a cría de raíñas (núcleos de fecundación, incubadoras, material para inseminación artificial de raíñas).

Acción 2.3.2. Adquisición de raíñas (tanto fecundadas como sen fecundar) e enxames, de especies e subespecies non alóctonas para reposición de baixas, sempre que se cubran as necesidades financeiras para asistir as solicitudes da acción anterior.

Para ambas as accións poderá subvencionarse ata o 70 % do custo de actuación, cun límite máximo de 5€ por colmea.

Intervención 2.4. Racionalización da transhumancia.

Este tipo de intervención só se aplicará aos apicultores/as transhumantes.

Acción 2.4.1. Adquisición, conservación e mellora da maquinaria e os equipos necesarios para a manipulación das colmeas e facilitar a transhumancia. Non será subvencionable ningún tipo de medio de transporte, especificamente os vehículos de motor, as súas pezas e o mantemento, así como o combustible.

Poderá subvencionarse ata o 80 % do seu custo.

Intervención 2.5. Investimentos en activos tanxibles e intanxibles.

Na selección de investimentos deste tipo de intervención teranse en conta as particularidades e a importancia dos apicultores/as transhumantes.

Acción 2.5.1. Investimentos e accións destinadas á mellora da produtividade e do rendemento das colmeas: útiles, equipos, sistemas de manexo e cambio de colmeas, sistemas móbiles de extracción do mel e/ou produtos apícolas.



Acción 2.5.2. Investimentos para a mellora e o acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas, que poderán incluír especies florais beneficiosas para a actividade das abellas melíferas e outros polinizadores.

Acción 2.5.3. Software e equipos para monitorización de colmeas (control do peso, humidade, temperatura interna, son...) xestión de explotacións (rexistro de medicamentos, rexistro de movementos, etc.), incluída a electrificación por paneis solares unicamente para dar servizo aos equipos descritos, se é o caso, e gastos de transmisión de datos.

Acción 2.5.4. Cota do seguro de responsabilidade civil das colmeas. Inclúe as cotas do seguro obrigatorio para ser persoa beneficiaria da axuda.

Acción 2.5.5. Sistemas de protección, vixilancia antirroubo (incluíndo un sistema de videovixilancia) ou de xeolocalización das colmeas.

Acción 2.5.6. Equipos de envasado e etiquetaxe e equipos destinados a mellorar a calidade, o uso e a comercialización do mel, pole, cera e própoles.

Para todas as accións da Intervención 2.5 poderá subvencionarse ata o 80 % do seu custo. No caso da acción 2.5.4, aplícase ademais un límite de 0,5 euros por colmea asegurada.

III) Intervención 3. Actuacións para prestar axudas aos laboratorios na análise de produtos apícolas, a perda de abellas ou as caídas na produtividade, e de substancias potencialmente tóxicas para as abellas.

Acción 3.1. Contratación de servizos de análise do mel e os produtos apícolas por apicultores/as e agrupacións de apicultores/as, que se realicen en laboratorios acreditados pola norma ISO 17025.

Acción 3.3. Adquisición de equipos, kits e outro material para a análise do mel e outros produtos apícolas.

Acción 3.4. Contratación de servizos de análise de abellas e outras matrices das colmeas para a detección de praguicidas por apicultores/as e agrupacións de apicultores/as, que se realicen en laboratorios acreditados pola norma ISO 17025.



Acción 3.5. Contratación de servizos de análise das abellas e os seus produtos relacionados co estado sanitario das colmeas, incluídos os gastos de recollida, envío e análise das mostras. Os laboratorios contratados deberán estar acreditados pola norma ISO 17025.

Para todas as accións da Intervención 3 poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

IV) Intervención 6. Promoción, comunicación e comercialización, incluídas as accións e as actividades de vixilancia do mercado destinadas, en particular, a sensibilizar os consumidores/as sobre a calidade dos produtos apícolas.

Este tipo de intervención só poderá ser solicitado por parte de agrupacións de apicultores/as de máis de 40.000 colmeas que leven a cabo actuacións de comercialización.

Acción 6.1. Realización de estudos de viabilidade económica e/ou de custos de produción das explotacións apícolas.

Acción 6.2. Realización de estudos de mercado ou elaboración de proxectos piloto sobre novos produtos apícolas e/ou novas formas de presentación.

Acción 6.3. Sistemas de seguimento de mercado dos produtos apícolas e da súa comercialización.

Acción 6.4. Actividades de información e promoción do consumo do mel e produtos apícolas.

Acción 6.5. Gastos en materia de comercialización para agrupacións de apicultores/as:

- Gastos de deseño e imaxe.
- Gastos de plataformas de comercialización dos meles (instalacións e centros loxísticos e de distribución).
- Gastos relacionados coa venda directa do mel e outros produtos apícolas desde a agrupación de produtores/as ao consumidor final (instalacións, investimentos relacionados coa repartición e a venda por internet). Quedan excluídos especificamente os gastos en adquisición ou alugueiro de vehículos de transporte, así como os seus compoñentes, mantemento e combustible.



– Gastos de deseño e redeseño web, de imaxe de marca e posicionamento dixital e de xestión de redes sociais.

Para todas as accións da Intervención 6 poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

V) Intervención 7. Actuacións para aumentar a calidade dos produtos.

Este tipo de intervención só poderá ser solicitado por parte de agrupacións de apicultores/as de máis de 40.000 colmeas que leven a cabo actuacións de comercialización.

Acción 7.1. Accións de promoción, creación e mantemento, incluíndo, se é o caso, os gastos de certificación, de figuras e normas de calidade dos produtos apícolas por parte das agrupacións de apicultores/as.

Acción 7.2. Outro tipo de gastos relacionados coa adopción de figuras de calidade por parte das agrupacións de produtores/as:

- Gastos de asesoría para a xeración de marcas de calidade.
- Gastos de auditorías e implantación de sistemas de calidade.
- Gastos de auditorías dos operadores.

En relación ás actuacións das accións 7.1 e 7.2 só serán subvencionables para a súa implantación por primeira vez, e en ningún caso poderán ser obxecto de financiamento gastos de funcionamento habitual, fóra dos gastos por auditorías de seguimento, sempre que estean efectuadas por un organismo externo independente e cualificado.

Acción 7.3. Seguimento da cadea de calidade dos meles no mercado.

Para todas as accións da Intervención 7 poderá subvencionarse ata o 70 % do seu custo.

2. Para todas as accións, non son subvencionables os gastos de loxística, é dicir, todos os gastos asociados ao proceso de manexo, almacenamento, embalaxe, xestión, recollida, transporte e distribución.

Tampouco se poderán considerar como subvencionables os restantes gastos descritos no anexo II do Regulamento delegado (UE) 2022/126 da Comisión.



3. Para o cálculo das axudas terase en conta o número de colmeas que os solicitantes teñen inscritas no Rexistro Galego de Explotacións Apícolas (Rgeap), segundo a declaración censual anual obrigatoria correspondente ao ano 2024, realizada con data de referencia do 31 de decembro, antes do 1 de marzo de 2025.

4. Os gastos e os investimentos obxecto da axuda, deberán realizarse no período comprendido entre o 1 de agosto de 2024 e o 31 de xullo de 2025, ambos inclusive, período de duración dunha campaña apícola, tal e como se recolle no artigo 2.b) desta orde.

5. En relación co importe de axuda solicitado para aquelas accións que supoñan a contratación de persoal cómpre ter en conta o seguinte:

O importe subvencionable corresponderá aos custos salariais, máis a cota empresarial de cotización á Seguridade Social. Por custo salarial entenderanse todos os custos que forman parte da base da cotización da Seguridade Social, que remuneren ás persoas traballadoras pola prestación profesional dos seus servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo ou os períodos de descanso computables como de traballo. Exclúense as retribucións percibidas pola persoa traballadora en concepto de prestacións sociais por incapacidade temporal, indemnizacións por despedimento, e indemnizacións por traslados ou por finalización de contrato, así como todas as partidas que non estean recollidas expresamente no convenio regulador específico da súa categoría laboral.

Para os contratos a terceiros, dado que o IRPF que se paga en forma de retencións é un gasto que se paga ao profesional e forma parte do gasto da empresa ou persoa que contrata, en aplicación da normativa do IRPF, é un gasto deducible porque o pagador paga o total da factura (só que unha parte detráea para pagar a Facenda); por tanto, considérase que o gasto debería ser subvencionable, sen diferenciar o que entrega ao profesional e o que ingresa a Facenda.

Artigo 4. *Persoas ou entidades beneficiarias e requisitos.*

1. Poderán optar ás axudas:

a) As persoas físicas ou xurídicas, ou entes sen personalidade xurídica, titulares de explotacións apícolas, incluídas aquelas que sexan integrantes de explotacións de titularidade compartida recollidas na Lei 35/2011, do 4 de outubro, sobre titularidade compartida das explotacións agrarias, con exclusión das administracións ou entidades do sector público.



Será requisito para a obtención das axudas:

1º. Levar realizando a actividade apícola con anterioridade ao 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude de axuda, fóra de quen iniciase a actividade a través dun cambio de titularidade de explotacións en estado de alta con anterioridade a esa data. Ademais, quedará exenta do requisito anterior a creación de figuras asociativas ou persoas xurídicas integradas por apicultores/as que o fosen antes do 1 de xaneiro do ano da presentación da solicitude, ou a creación de explotacións de titularidade compartida na que un dos membros fose apicultor ou apicultora con anterioridade a esa data.

No caso de fusións de explotacións xa existentes, considerarase a data de inicio da actividade a do/da titular con maior antigüidade.

2º. Seren titulares dunha explotación con máis de 15 colmeas para o caso das persoas apicultoras que soliciten a axuda a título individual, e con máis de 50, se solicitan axuda para realizar a transhumancia, sexan ou non persoas traballadoras autónomas.

3º. Realizaren polo menos un tratamento ao ano fronte á varroose, de acordo co establecido no Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un Programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel.

4º. Disporen dun seguro de responsabilidade civil das colmeas.

5º. Cumpriren as previsións contidas no Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, polo que se establecen normas de ordenación das explotacións apícolas.

6º. Teren realizada a declaración censual anual obrigatoria referida ao 31 de decembro de 2024 antes do día 1 de marzo de 2025.

As alvarizas abandonadas e as colmeas mortas non darán dereito ao cobramento de axudas.

b) As agrupacións de apicultores/as, na medida que as súas persoas socias ou persoas asociadas beneficiarias das axudas cumpran cos requisitos establecidos na letra a) anterior.

Ademais, para ser beneficiarias, a solicitude de axuda deberá incluír, como mínimo, 1.500 colmeas.



2. Só poderá solicitarse axuda para a execución dunha acción determinada sobre unha mesma colmea, unha única vez por campaña apícola, independentemente de se a persoa solicita esa axuda a título individual ou como integrante dunha cooperativa ou agrupación de produtores.

Non obstante, as persoas apicultoras incluídas na solicitude de axuda presentada por unha agrupación de apicultores/as, ben sexa para unha ou varias accións, non poderán solicitar a axuda como integrante doutra agrupación.

De ser o caso, soamente se terá en conta esa persoa apicultora na solicitude da agrupación de apicultores/as que a inclúa como beneficiaria naquela acción que ocupe o primeiro lugar atendendo á orde de prelación que se establece no artigo 10.1 desta orde de axudas.

3. Non poderá ser considerada persoa beneficiaria un solicitante para quen se demostre que creou artificialmente as condicións exixidas para cumprir os criterios de admisibilidade ou de prioridade establecidos no Real decreto 906/2022, tal e como se establece no artigo 62 (relativo a medidas antievasión) do Regulamento (UE) 2021/2116, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021.

Artigo 5. *Forma, lugar e prazo de presentación*

1. O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* de acordo co artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e se no mes de vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

2. As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica a través dos formularios normalizados dispoñibles (anexo I para o procedemento MR506A e o anexo II para o procedemento MR506B) na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, que serán de uso obrigatorio para as persoas interesadas en aplicación do artigo 66.6 da Lei 39/2015.

3. A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas titulares de explotacións apícolas, as agrupacións apícolas e as persoas traballadoras autónomas para



os trámites e actuacións que realicen coas administracións públicas no exercicio da súa actividade profesional, así como as persoas representantes dunha das anteriores. As persoas físicas titulares de explotacións apícolas que non sexan traballadoras autónomas poderán presentar opcionalmente a solicitude de forma presencial.

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas obrigadas á presentación electrónica presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Aquelas persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

4. Recibidas as solicitudes e a súa documentación, serán examinadas polo órgano xestor que, de observar deficiencias, requirirá a súa emenda ao solicitante, concedéndolle un prazo de dez días, consonte o artigo 68 da Lei 39/2015. Transcorrido este prazo sen se producir a emenda ao expediente, terase por desistido da súa petición, logo da súa resolución.

5. A falsidade do declarado na solicitude determinará a imposibilidade de percibir, se é o caso, a axuda concedida, desde o momento en que se teña constancia da falsidade, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan.

6. As persoas solicitantes deberán indicar no anexo de solicitude que corresponda, (anexo I para o procedemento MR506A e o anexo II para o procedemento MR506B), o seguinte:

a) Co obxecto de poder dar cumprimento ao recollido no Regulamento de execución (UE) 2022/128 da Comisión, do 21 de decembro de 2021, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello



sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia, é necesario que a persoa solicitante indique o seu xénero do seguinte xeito:

– Home = 0.

– Muller = 1.

– Non binario = 2.

– Prefire non dicilo = 3.

– Sen prevalencia = 4; para os casos de perfecto equilibrio de xénero no poder de toma de decisións entre os xerentes principais, homes e mulleres.

No caso doutras persoas xurídicas e no caso das agrupacións de apicultores/as, deberá indicarse o xénero da persoa que ten o poder de decisión en relación coa actividade e quen asume os beneficios e os riscos asociados coa actividade (non necesariamente é o representante legal).

b) Así mesmo, tamén en relación coas exixencias derivadas do regulamento citado no punto anterior, cando as persoas beneficiarias sexan empresas ou agrupacións de apicultores/as deberán identificar no apartado relativo ás declaracións, o grupo no que participa. É dicir, deberase indicar se a persoa beneficiaria forma parte dun grupo empresarial, ben sexa como empresa matriz ou filial.

– Empresa filial: unha empresa controlada por unha sociedade matriz, incluídas as empresas filiais dunha empresa matriz de maior xerarquía.

– Empresa matriz: aquela que controla unha ou varias empresas filiais.

Deberá informar se a persoa beneficiaria forma parte ou non dun grupo empresarial. En caso afirmativo, sinalar se o fai como empresa filial ou matriz, e de ser o caso, achegará o NIF e a razón social da empresa matriz á que pertence.

7. No caso de que existan discrepancias entre os importes reflectidos para unha acción determinada na solicitude e na memoria, o importe que se tomará como referencia para o cálculo da axuda axuda será o que figure no anexo de solicitude.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



Artigo 6. Documentación complementaria (MR506A)

1. As persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas, integradas ou non nunha agrupación de apicultores/as, que presenten solicitudes individuais, deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Autorización para facer a solicitude no caso de representación, nos termos exixidos no artigo 5 da Lei 39/2015.

b) Declaración responsable do persoal veterinario sobre o programa de loita contra a varroose, para as accións 2.1.1 e 2.1.2. Consistirá nun compromiso de elaboración e execución do dito programa.

c) Verificación do cumprimento do requisito previsto no artigo 13.3 bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, das subvencións cuxa normativa nacional recolla que deben cumprilo, reguladas, xestionadas ou financiadas total ou parcialmente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes:

– Declaración responsable nos termos previstos no artigo 26 do Regulamento xeral de subvencións.

– Se é o caso, certificación emitida por un auditor rexistrado no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que acredite o seu cumprimento polo solicitante, con independencia de calquera financiamento para a cobranza anticipada da empresa provedora. Para ese efecto, se do informe de auditoría das últimas contas anuais se deduce un cumprimento do 100 % dos prazos de pagamento a provedores por parte do solicitante, bastará un certificado emitido polo auditor que indique que no seu traballo de auditoría realizou procedementos para obter evidencia da corrección do contido da memoria das contas anuais como certificación de cumprimento do requisito do artigo 13.3 bis. No caso de que non sexa posible emitir tal certificado (por non existir contas anuais auditadas ou porque estas reflectan unha porcentaxe de cumprimento de prazos de pagamento a provedores inferior ao 100 %), presentárase unha certificación, baseada nun «Informe de Procedementos Acordados», que acredite que o solicitante no momento de presentación de solicitude de axuda non ten ningunha factura pendente de pagamento na que se superaron os prazos legais de pagamento. A dita certificación non poderá ter en ningún caso unha antigüidade superior a un mes anterior á data de presentación da solicitude.

d) Programa de actuación que pretende desenvolver para cada unha das accións solicitadas: memoria onde figuren os datos da persoa apicultora, número de colmeas, descrición



de todos os investimentos, contratación de servizos e finalidade destes; incluíranse os orzamentos ou facturas *pro forma* dos investimentos, desagregados para todas e cada unha das accións para as que se solicita axuda.

A memoria deberá incluír tamén o calendario de execución das accións.

Se unha persoa apicultora solicitante de axuda a título individual, tamén o é para outra acción a través dunha agrupación de apicultores/as, deberá indicalo expresamente na memoria e no impreso de solicitude.

e) De solicitar a axuda para a acción 2.1.3, deberá achegar cuberto o anexo V «Documento guía sobre as condicións obxectivas baixo as cales é necesario aplicar alimentación suplementaria de emerxencia ás abellas con fins sanitarios e climáticos», ou ben unha declaración responsable de que o devandito documento se achegará xunto coa xustificación.

Tamén é imprescindible que os orzamentos e/ou facturas *pro forma* presentados reflectan o número de quilos solicitados de azucres e o seu importe e o número de quilos solicitados doutros produtos para incrementar a vitalidade das colmeas e o seu importe. O mesmo para o caso da documentación xustificativa desta acción.

f) Se se solicitase axuda para a acción 2.5.4, para ser considerados válidos, os orzamentos ou facturas *pro forma* dos seguros deberán desagregar as distintas coberturas, os prezos por colmea e o custo que vai pagar a persoa apicultora por cada unha delas, no suposto de que inclúan outras distintas da responsabilidade civil das colmeas.

g) Documentación relativa ás ofertas achegadas e xustificación de non vinculación entre as empresas invitadas a ofertar.

Independentemente da acción para a que se solicite axuda e do tipo de gasto subvencionable, en todos os gastos, a persoa beneficiaria deberá incluír un sistema de avaliación dos custos que lle permita á Administración comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables como é a comparación de ofertas.

Para a comparación de ofertas, a persoa beneficiaria deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben; agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

CVE-DOG: m7yy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



A escolla entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse, xunto coa solicitude da axuda, realizarse conforme criterios de eficiencia e economía, e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa ou cando o número de ofertas sexa menor a tres por inexistencia no mercado de suficientes entidades que presten os servizos.

As empresas invitadas a presentar ofertas non poderán estar vinculadas entre elas e exixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación. No expediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Todas as ofertas teñen que estar detalladas e desagregadas de tal xeito que inclúan os mesmos elementos para ser comparables entre si. Os requisitos mínimos que deben cumprir os orzamentos ou facturas *pro forma* que se presenten son os seguintes:

- Identificación clara de que o documento é un orzamento ou unha factura *pro forma*.
- Razón social e NIF do solicitante da oferta.
- Razón social e NIF do proveedor.
- Data de emisión.
- Desagregación detallada de todos os conceptos orzados, indicando o número de unidades e o prezo unitario, a base impositiva e o IVE de cada un deles no caso de que conteñan máis dun produto ou concepto.

Tamén deberán recoller aqueles conceptos promocionais ou sen cargo, as súas características, así como as circunstancias que os motivan.

Deberá figurar o IVE ou indicación de que non se reflicte, aínda que non se considere para efectos do cálculo do investimento elixible.

Outros posibles sistemas válidos para realizar a moderación de custos son os prezos de mercado, as cotizacións de mercados nacionais, a estimación por referencia aos valores recollidos en rexistros oficiais de carácter fiscal, o ditame de peritos da Administración, a taxación pericial contraditoria e calquera outro medio de proba admitido en dereito.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



A autoridade competente poderá elaborar unha base de datos de prezos de referencia, que se utilizará para comparar os custos incluídos na solicitudes de axuda. Esta base de datos será completa, detallada, estará actualizada e garantirá que os prezos reflicten os prezos de mercado. Así mesmo, con base na información contida na citada base de datos, poderá, en caso de existir discrepancias entre as ofertas presentadas polo mesmo ou por distintos provedores, determinar o prezo de referencia máximo que hai que ter en conta para cada produto.

h) Xustificación da exclusividade dos equipamentos para a actividade transhumante, se é o caso.

i) Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil das colmeas en vigor e xustificante bancario do seu pagamento. A póliza especificará o nome do titular, o código Rega da explotación e o número de colmeas aseguradas. Todo isto para os efectos de comprobar o cumprimento do requisito recollido no artigo 4.1 a) 4º.

j) Documentación que acredite, de ser o caso, o cumprimento dos criterios sinalados nas letras c) e e) do artigo 10.2. desta orde:

Certificación da indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia que acredite que a persoa solicitante pertence a esta na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

Certificación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia que acredite que a persoa solicitante pertence a el na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

Certificación da cooperativa apícola que acredite que a persoa solicitante é socia dela na data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

2. A documentación complementaria presentarse preferiblemente por vía electrónica.

A presentación electrónica será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emende través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación complementaria presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

4. No caso de que algún dos documentos que haxa que presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitírase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 7. *Documentación complementaria (MR506B)*

1. As agrupacións deberán achegar coa solicitude a seguinte documentación:

a) Certificación do órgano competente na cal se especifique o acordo polo que se concede a autorización para facer a solicitude ao asinante dela.



Se actúa en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indicárase así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia. De non ser así, deberá acreditarse a representación conforme o artigo 5 da Lei 39/2015.

b) Certificación do órgano competente que acredite o desempeño actual do cargo.

c) Acta de constitución da agrupación de apicultores/as, ou copia dos estatutos.

d) Verificación do cumprimento do requisito previsto no artigo 13.3 bis da Lei 38/2003, do 17 de novembro, das subvencións cuxa normativa nacional recolla que deben cumprilo, reguladas, xestionadas ou financiadas total ou parcialmente polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e os seus organismos públicos vinculados ou dependentes:

– Declaración responsable nos termos previstos no artigo 26 do Regulamento xeral de subvencións.

– Se é o caso, a certificación emitida por unha persoa auditora rexistrada no Rexistro Oficial de Auditores de Contas que acredite o seu cumprimento pola persoa solicitante, con independencia de calquera financiamento para a cobranza anticipada da empresa proveedora. Para ese efecto, se do informe de auditoría das últimas contas anuais se deduce un cumprimento do 100 % dos prazos de pagamento a provedores por parte do solicitante, bastará un certificado emitido polo auditor que indique que no seu traballo de auditoría realizou procedementos para obter evidencia da corrección do contido da memoria das contas anuais como certificación de cumprimento do requisito do artigo 13.3 bis. No caso de que non sexa posible emitir tal certificado (por non existir contas anuais auditadas ou porque estas reflictan unha porcentaxe de cumprimento de prazos de pagamento a provedores inferior ao 100 %), presentarase unha certificación, baseada nun «Informe de Procedementos Acordados», que acredite que o solicitante no momento de presentación de solicitude de axuda non ten ningunha factura pendente de pagamento na que se superaron os prazos legais de pago. A dita certificación non poderá ter en ningún caso unha antigüidade superior a un mes anterior á data de presentación da solicitude.

e) Programa de actuación que pretende desenvolver para cada unha das accións solicitadas: memoria descritiva de cada actuación onde figuren os datos das persoas apicultoras incluídas no programa de cada acción, o número de colmeas afectadas, a descrición de todos os investimentos e finalidade deles, e incluíranse orzamentos pormenorizados e/ou facturas *pro forma* dos investimentos.

A memoria deberá incluír o calendario de execución das accións.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojyir0zyI8



f) No caso de solicitar axuda para a acción 2.1.3, deberá achegar cuberto, para cada un dos apicultores para os que a agrupación solicite axuda para esta acción, o anexo V «Documento guía sobre as condicións obxectivas baixo as cales é necesario aplicar alimentación suplementaria de emerxencia ás abellas con fins sanitarios e climáticos», ou ben unha declaración responsable de que o devandito documento se achegará xunto coa xustificación.

Tamén é imprescindible que os orzamentos e/ou facturas *pro forma* presentados re-flictan o número de quilos solicitados de azucres e o seu importe e o número de quilos solicitados doutros produtos para incrementar a vitalidade das colmeas e o seu importe. O mesmo para o caso da documentación xustificativa desta acción.

g) Se se solicitase axuda para a acción 2.5.4, para ser considerados válidos, os orzamentos ou facturas *pro forma* do seguro deberán desagregar as distintas coberturas, o custo que paga a cooperativa ou agrupación ou asociación apícola por cada unha delas e os prezos por colmea, no suposto de que inclúan coberturas distintas da responsabilidade civil das colmeas.

h) Relación nominal de socios actualizada, en formato electrónico, nun arquivo '.csv'.

O arquivo conterá os seguintes campos, de cada un dos socios:

- Nome ou razón social.
- Sexo.
- Primeiro apelido.
- Segundo apelido.
- NIF.
- Código Rega da explotación.
- Número de colmeas da explotación



Independentemente do recollido para cada acción no programa de actuación, para as seguintes accións o arquivo conterá ademais os seguintes campos:

- Produto ou produtos empregados (accións 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4, 2.1.5.1, 2.1.5.2).
- Cantidade de cada un dos produtos (accións 2.1.3, 2.1.4, 2.1.5.1, 2.1.5.2).
- Descrición (accións 2.4.1, 2.5.1, 2.5.2, 2.5.3, 2.5.5, 2.5.6, 3.3).
- Custo do gasto (accións 2.5.1, 2.5.2, 2.5.3, 2.5.5, 2.5.6, 3.3).
- Número de póliza (acción 2.5.4).
- Colmeas cubertas pola póliza de seguro da agrupación (acción 2.5.4).

Todos os datos deberán ir en maiúsculas, sen acentos e os campos de tipo alfanumérico, sen espazos entre os caracteres.

i) Copia do contrato e titulación do persoal veterinario e doutro persoal técnico titulado responsable da execución do programa sanitario de loita contra a varroose.

Para poder realizar o cálculo da axuda correspondente, todos os contratos deberán recoller o período de duración da contratación do persoal técnico, a xornada laboral contratada, así como os importes desagregados por cada mes de traballo.

Para o caso doutro persoal técnico titulado, as titulacións admitidas serán as de veterinaria, bioloxía, enxeñería agrónoma, enxeñería técnica agrícola, enxeñería forestal, enxeñería técnica forestal, técnica en produción agropecuaria, persoal técnico que dispoña da certificación de cualificación profesional da familia Agraria en apicultura, nivel 2, de acordo co Real decreto 1784/2011, do 16 de decembro, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional agraria e se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade. Para outras titulacións será necesario presentar a documentación acreditativa da formación do persoal técnico que xustifique a experiencia no sector apícola, cuxa validez será sometida á valoración por parte do órgano colexiado recollido no artigo 11.

j) Copia do contrato do persoal administrativo.

Para poder realizar o cálculo da axuda correspondente, todos os contratos deberán recoller o período de duración da contratación do persoal, a xornada laboral contratada, así como os importes desagregados por cada mes de traballo.



k) Certificación do contido dos contratos de traballo.

Para os contratos subscritos en datas anteriores á de presentación da solicitude, no caso de que non recollan a información citada, esta deberá vir sinalada nunha certificación asinada polo representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da agrupación de apicultores/as.

l) Copias dos contratos de servizos para as accións: 3.1, 3.4 e 3.5.

m) Solicitude de autorización previa para a contratación das actividades subvencionadas a persoas ou entidades vinculadas coa persoa beneficiaria, de acordo co recollido no artigo 27.7.d) da Lei 9/2007.

n) Nas axudas das accións 2.1.1 e 2.1.2 de loita contra a varroose: declaración responsable do persoal veterinario de compromiso previo de execución e posterior xustificación do programa.

o) Documentación relativa ás ofertas achegadas e xustificación de non vinculación entre as empresas invitadas a ofertar.

Independentemente da acción para a que se solicite a axuda e do tipo de gasto subvencionable, en todos os gastos, a agrupación de apicultores/as deberá incluír un sistema de avaliación dos custos que lle permita á Administración comprobar o valor de mercado dos gastos subvencionables como é a comparación de ofertas.

Para a comparación de ofertas, a agrupación de apicultores/as deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben; agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren.

A esolla entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse xunto coa solicitude da axuda, realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa ou cando a número de ofertas sexa menor a tres por inexistencia no mercado de suficientes entidades que presten os servizos.

As empresas invitadas a presentar ofertas non poderán estar vinculadas entre elas e exixiráselles sempre unha declaración das empresas coas que teñan vinculación. No ex-



pediente deberá deixarse constancia das invitacións cursadas, das ofertas recibidas e das razóns para a súa aceptación ou rexeitamento.

Todas as ofertas teñen que estar detalladas e desagregadas de tal xeito que inclúan os mesmos elementos para ser comparables entre si. Os requisitos mínimos que deben cumprir os orzamentos ou facturas *pro forma* que se presenten son os seguintes:

- Identificación clara de que o documento é un orzamento ou unha factura *pro forma*.
- Razón social e NIF do solicitante da oferta.
- Razón social e NIF do proveedor.
- Data de emisión.
- Desagregación detallada de todos os conceptos orzados, indicando o número de unidades e o prezo unitario, base impositible e IVE de cada un deles no caso de que conteñan máis dun produto u concepto.

Tamén deberán recoller aqueles conceptos promocionais ou sen cargo, as súas características, así como as circunstancias que os motivan.

Deberá figurar o IVE ou indicación de que non se reflicte, aínda que non se considere para efectos do cálculo do investimento elixible.

Outros posibles sistemas válidos para realizar a moderación de custos son os prezos de mercado, as cotizacións de mercados nacionais, a estimación por referencia aos valores recollidos en rexistros oficiais de carácter fiscal, o ditame de peritos da Administración, a taxación pericial contraditoria e calquera outro medio de proba admitido en dereito.

A autoridade competente poderá elaborar unha base de datos de prezos de referencia que se utilizará para comparar os custos incluídos na solicitudes de axuda. Esta base de datos será completa, detallada, estará actualizada e garantirá que os prezos reflicten os prezos de mercado. Así mesmo, con base na información contida na citada base de datos, poderá, en caso de existir discrepancias entre as ofertas presentadas polo mesmo ou por distintos provedores, determinar o prezo de referencia máximo para ter en conta para cada produto.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



p) Relación das ofertas elixidas, en formato electrónico, concretamente nun arquivo '.csv'.

O arquivo conterá os seguintes campos, de cada unha das ofertas (orxamentos, facturas *pro forma*):

- Acción.
- Número de identificación.
- Emisor.
- NIF.
- Data.
- Concepto.
- Número de unidades.
- Prezo unitario concepto.
- Importe concepto (base Imponible).

q) Xustificación da exclusividade dos equipamentos para a actividade transhumante, se é o caso.

r) Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil das colmeas en vigor e o xustificante bancario do seu pagamento.

A póliza especificará os nomes dos titulares das explotacións apícolas aseguradas, o código Rega das explotacións e o número de colmeas aseguradas por cada titular.

Virá acompañada dunha declaración responsable do/da presidente/a conforme as persoas apicultoras socias da agrupación para as que a entidade solicita a axuda teñen todas o seguro de responsabilidade civil das colmeas en vigor.

Todo isto para os efectos de comprobar o cumprimento do requisito recollido no artigo 4.1 a) 4º.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyir0zyl8



s) Documentación que acredite, de ser o caso, o cumprimento dos criterios sinalados nas letras c) e e) do artigo 10.2. desta orde:

– Certificación da indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia na que se acrediten as persoas apicultoras socias da entidade apícola solicitante que pertencen á IXP. a data do 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

– Certificación do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia na que se acrediten as persoas apicultoras socias da entidade apícola solicitante que pertencen ao consello regulador na data 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

– Certificación da cooperativa apícola que acredite que as persoas apicultoras socias da cooperativa solicitante o son desde a data 1 de xaneiro do ano de presentación da solicitude.

t) No caso de que a agrupación sexa titular dunha explotación e esta estea incluída dentro da relación de explotacións destinatarias dunha ou varias accións, deberá achegar unha declaración do/da presidente/a da entidade sinalando cal é o obxecto da explotación, así como que os socios son coñecedores desta situación.

u) De ser o caso, deberase achegar unha declaración responsable, asinada por un perito mercantil ou auditor legal en relación coa admisibilidade do imposto sobre o valor engadido (IVE) conforme a non recuperación do imposto segundo o artigo 23.2 da orde de axudas, sinalando as accións afectadas por esta circunstancia.

2. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán recadados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao afecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



3. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle para que a emenda través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar, de maneira motivada, o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

5. No caso de que algún dos documentos que haxa que presentar de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou tivese un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 8. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación destes procedementos consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) Para o procedemento MR506A: DNI/NIE da persoa solicitante ou NIF da entidade solicitante.

b) Para o procedemento MR506B: NIF da agrupación solicitante.

c) DNI/NIE da persoa representante ou NIF da entidade representante.

d) A declaración censual anual e a información relativa ao titular, o tipo e a clase de explotación, así como o número de colmeas (dimensión das explotacións acollidas á axuda).

CVE-DOG: m7yy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



e) A obriga de ter realizado polo menos un tratamento ao ano fronte á varroose, de acordo co establecido no Real decreto 608/2006, do 19 de maio, polo que se establece e regula un Programa nacional de loita e control das enfermidades das abellas do mel.

f) As certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A presentación da solicitude de concesión de subvención pola persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitálas segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007.

g) A pertenza da persoa solicitante a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida, será comprobada de oficio polo órgano xestor da axuda mediante consulta realizada ao Rexistro Oficial de Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira de Galicia da Consellería do Medio Rural.

h) Documentación acreditativa de explotación apícola situada en zona desfavorecida na lista comunitaria de zonas agrícolas desfavorecidas, tal como se definen nos puntos 3 e 4 do artigo 3 da Directiva 75/268/CEE (equivalentes aos artigos 18 e 19 do Regulamento (CE) 1257/99, respectivamente), de acordo coa Directiva do Consello (86/466/CEE), do 14 de xullo de 1986, coa Decisión da Comisión (86/566/CEE), do 16 de outubro de 1989, coa Directiva do Consello (91/465/CEE), do 22 de xullo de 1991.

i) Inhabilitación para obter subvención e axudas.

j) Concesións de subvencións e axudas.

k) Informe da vida laboral nos últimos 12 meses da persoa solicitante.

l) Consulta de concesión pola regra *de minimis*.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

m) A condición de explotación de titularidade compartida para os efectos do establecido na Lei 35/2011.

n) A pertenza a unha entidade asociativa recoñecida como prioritaria ao amparo da Lei 13/2013, do 2 de agosto.



o) A condición de agricultor mozo.

De acordo coa definición de «agricultor mozo» e condicións establecidas no Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) nº. 1305/2013 e (UE) nº. 1307/2013.

Os datos das letras d), e), m) n), e o) xa figuran en poder da Administración. Comproba-raos de oficio o órgano xestor mediante a consulta realizada ás aplicacións Regan, Ingan e Reaga da Consellería do Medio Rural.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Artigo 9. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada. Cando as persoas interesadas non resulten obrigadas á presentación electrónica das solicitudes tamén poderán realizar os trámites presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 10. *Criterios obxectivos de outorgamento da axuda e ponderación destes*

1. A concesión das subvencións, en virtude do que establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, realizarase mediante o réxime de concorrência competitiva. Atendendo ás par-



ticularidades da produción apícola na nosa comunidade autónoma, seguirase a prioridade seguinte entre as axudas para as diferentes accións sinaladas no artigo 3.1:

1. Acción 2.1.1.
2. Acción 2.1.2.
3. Acción 1.1.
4. Acción 1.4.
5. Acción 2.1.3.
6. Acción 2.1.4.
7. Acción 2.1.5.1.
8. Acción 2.1.5.2.
9. Acción 2.1.8.
10. Acción 1.2.
11. Acción 1.3.
12. Acción 2.5.4.
13. Acción 2.5.1.
14. Acción 2.5.2.
15. Acción 2.5.3.
16. Acción 2.5.5.
17. Acción 2.5.6.
18. Acción 2.4.1.
19. Acción 7.1.
20. Acción 7.2.
21. Acción 7.3.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyir0zyl8



22. Acción 3.1.

23. Acción 3.3.

24. Acción 3.4.

25. Acción 3.5.

26. Acción 6.1.

27. Acción 6.2.

28. Acción 6.3.

29. Acción 6.4.

30. Acción 6.5.

31. Acción 2.2.1.

32. Acción 2.2.2.

33. Acción 2.3.1.

34. Acción 2.3.2

2. Os criterios obxectivos de outorgamento serán os establecidos mediante a seguinte valoración de puntos:

a) Dimensión das explotacións acollidas á axuda, entendida como o número de colmeas potencialmente destinatarias da acción, tanto no caso de solicitudes presentadas por titulares de explotacións, como de solicitudes presentadas por agrupacións de apicultores/as (máximo 5 puntos), segundo os seguintes tramos en función do número de colmeas:

- De 16 a 1.500 colmeas: 3 puntos.
- De 1.501 a 10.000 colmeas: 4 puntos.
- 10.001 ou máis: 5 puntos.

b) Explotacións en titularidade compartida, para os efectos do establecido na Lei 35/2011, do 4 de outubro, ou cuxa titularidade a teña un agricultor mozo, de acordo coa definición



e condicións establecidas Plan estratéxico nacional da política agrícola común (PAC) do Reino de España 2023-2027, definido para España a través da normativa específica, ou un beneficiario que pertenza a unha entidade asociativa recoñecida como prioritaria ao aeiro da Lei 13/2013, do 2 de agosto, de fomento da integración de cooperativas e doutras entidades asociativas de carácter agroalimentario: serán aplicables estes criterios tanto ás solicitudes presentadas polos titulares das explotacións, como ás solicitudes presentadas por agrupacións de apicultores/as: 3 puntos.

c) Pertenza da explotación á indicación xeográfica protexida (IXP) Mel de Galicia ou explotación rexistrada no Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia: 2 puntos.

d) Pertenza do solicitante a unha agrupación de defensa sanitaria gandeira legalmente recoñecida: este criterio será aplicable tanto ás solicitudes presentadas por titulares de explotacións, como de solicitudes presentadas por agrupacións de apicultores/as: 1 punto.

e) Pertenza do solicitante a unha cooperativa apícola ou ser unha cooperativa: 1 punto. No caso de que se trate dunha entidade asociativa prioritaria, conforme a Lei 13/2013, do 2 de agosto: 3 puntos.

f) Cumprir coa condición de titular de explotación profesional, segundo a definición establecida no artigo 2.g) do Real decreto 209/2002, do 22 de febreiro, de tal forma que posúa 150 colmeas ou máis e/ou que o NIF do titular da explotación apícola figure dado de alta en no Réxime especial agrario: 1 punto.

Este criterio será aplicable tanto ás solicitudes presentadas por titulares de explotacións, como de solicitudes presentadas por agrupacións de apicultores/as

g) Explotación apícola da persoa solicitante situada en zona desfavorecida: 2 puntos.

h) Solicitud presentada por unha agrupación de apicultores/as: 3 puntos.

No que respecta aos criterios b), c), d) e), f) e g) cando o solicitante sexa unha agrupación de produtores, e este criterio non poida ser verificado directamente, deberán cumprir a dita condición, polo menos, o 50 % das persoas titulares da explotación que integren a agrupación.

Aquelas persoas solicitantes que non obteñan unha puntuación mínima de cinco puntos non poderán ter a consideración de persoas beneficiarias.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



Para a valoración das solicitudes soamente serán tidos en conta os criterios que o solicitante sinala que cumpre no cadro «Criterios obxectivos de outorgamento da axuda» no anexo correspondente (MR506A/MR506B).

As axudas serán adxudicadas a aquelas solicitudes que queden colocadas diante na prelación establecida en función dos criterios anteriores.

Dada a finalidade colectiva desta axuda, e para acadar satisfactoriamente os seus obxectivos facilitando as actuacións ao máximo número de persoas apicultoras, naquela acción onde teña lugar o esgotamento do crédito distribuirase o crédito dispoñible nela entre todas as persoas solicitantes que cumpran os requisitos necesarios para poder percibila, sempre de xeito proporcional, de acordo coa porcentaxe calculada con base na contía que lles correspondería segundo o importe solicitado para esa acción, unha vez aplicados os límites recollidos no artigo 3, e ao importe dispoñible para esa acción, e procederase, por tanto, a un rateo nestes casos.

Para o caso daqueles criterios comprobados de oficio polo órgano xestor das axudas, no caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo expresamente no cadro «Criterios obxectivos de outorgamento da axuda» no anexo correspondente (MR506A/MR506B) e achegar os documentos correspondentes.

Artigo 11. *Tramitación e resolución*

1. O órgano competente para a instrución e a tramitación do procedemento é a Subdirección Xeral de Gandaría. Unha vez recibidas as solicitudes e a súa documentación, serán examinadas polo órgano xestor, que, de observar deficiencias, requirirá a súa emenda ao solicitante, concedéndolle un prazo de dez días, consonte o artigo 68 da Lei 39/2015. Transcorrido este prazo sen que se producira a emenda ao expediente, terase por desistido da súa petición, logo da súa resolución.

2. Efectuadas as comprobacións e os estudos pertinentes, para a avaliación das solicitudes presentadas constituirase un órgano colexiado constituído para o efecto, integrado por tres persoas funcionarias da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias con categoría non inferior a xefatura de negociado, unha das cales actuará na función de secretaría e que estará presidido pola persoa titular da xefatura do Servizo ou por unha das xefaturas de Área do Servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal, que emitirá un informe que conterá unha relación das persoas solicitantes para os que se



propón a concesión de subvención e a contía, así como daquelas para os que se propón a denegación da subvención solicitada. Á vista deste informe, a persoa titular da Subdirección Xeral de Gandaría elevará a proposta de resolución ao órgano administrativo competente, que resolverá as solicitudes presentadas.

3. A resolución do expediente correspóndelle á persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias por delegación da persoa titular da Consellería do Medio Rural. O prazo máximo para ditar e notificar a resolución da axuda será de cinco meses desde o día seguinte ao de publicación desta orde de convocatoria de axudas no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o prazo sen resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes, de conformidade co disposto no artigo 23 da Lei 9/2007.

Artigo 12. *Notificacións e publicación dos actos*

1. As notificacións de resolucións e os actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

2. A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel) no formulario. No caso de optar pola notificación en papel, practicarase a notificación segundo o establecido na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

3. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

No caso de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar, en todo caso, no formulario, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



4. As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida pola persoa interesada, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

6. De conformidade co establecido na letra a) do artigo 45.1 da Lei 39/2015, a notificación da resolución destas axudas realizarase mediante a publicación no *Diario Oficial de Galicia*. Así mesmo, ao abeiro do recollido no artigo 15 da Lei 9/2007, especificarase a convocatoria, o programa e crédito orzamentario, a persoa beneficiaria, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada, así como a indicación, se é o caso, das causas da desestimación, e expresaranse, ademais, os recursos que contra a resolución procedan, o órgano administrativo ou xudicial ante o que deben presentarse e o prazo para interpoñelos.

Artigo 13. *Recursos administrativos*

1. Contra a resolución expresa que se dite, que pon fin á vía administrativa, cabe interpor recurso potestativo de reposición perante a persoa titular da Consellería do Medio Rural, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.

2. Se transcorrido o prazo para resolver o establecido no artigo 11. Tramitación e resolución, non lle é notificada a resolución ao interesado, entenderase desestimada por silencio administrativo e caberá interpor o recurso potestativo de reposición contra a desestimación por silencio administrativo en calquera momento, a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, como sinala o artigo 124 da Lei 39/2015, ou o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

3. Sen prexuízo do anterior, os interesados poderán exercer calquera outro recurso que consideren oportuno.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



Artigo 14. Xustificacións e pagamento

1. A data límite para a presentación das xustificacións técnicas e económicas da realización do programa será o 15 de agosto de 2025. A documentación xustificativa presentárase preferiblemente pola vía electrónica e deberá ser perfectamente lexible. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá requirir de maneira motivada a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

A presentación electrónica das xustificacións será obrigatoria para os suxeitos obrigados á presentación electrónica da solicitude. Se algunha das persoas interesadas presenta as xustificacións presencialmente, requiriráselle para que a emende través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Aquelas persoas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar a documentación xustificativa presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

2. O pagamento tramitarase logo de xustificación da execución do proxecto no prazo sinalado e, para tal efecto, o beneficiario deberá presentar a seguinte documentación:

a) Memoria de realización de actividades.

Este tipo de memoria debe ser obxectiva, detallada, clara e que xustifique adecuadamente o uso dos fondos recibidos. Debe incluír, polo menos, os seguintes puntos:

1. Datos xerais da explotación apícola: a localización da explotación e a descrición da contorna, o número de colmeas, a variación destas respecto da solicitude.

2. Descrición das actividades realizadas: incluír datos sobre a produción apícola obtida no período subvencionado, as prácticas de manexo sanitario e o control de enfermidades, a alimentación suplementaria se se utilizou, e calquera outro aspecto técnico relevante.

3. Investimentos e os gastos relacionados coa axuda.

4. Resultados e os logros acadados, as melloras produtivas, as sanitarias, describindo como as medidas adoptadas afectaron a saúde das colmeas e a diminución de enfermidades.



5. Cumprimento de obxectivos: a relación cos obxectivos da axuda que se citan no texto introdutorio da orde, detallando como as actividades realizadas e os investimentos efectuados cumpren cos obxectivos da convocatoria de axudas.

6. En relación co asesoramento técnico, deberá achegarse un listado das explotacións que recibiron a visita do persoal técnico, e indicar a data da visita e o seu obxecto.

7. Para outras actividades de asesoramento e cursos de formación para os apicultores, deberá indicarse na memoria o tipo de actividade, as datas de realización, o seu contido e o nome das persoas apicultoras asistentes, así como calquera outro aspecto de interese. Ademais, deberá achegarse a documentación relacionada coa actividade, tal como programas, folletos, notas de prensa e outros.

8. Valoración global: facer unha avaliación xeral dos beneficios obtidos grazas ás axudas, tanto en termos económicos como de mellora na xestión e sustentabilidade da explotación.

9. Perspectivas futuras: proxeccións sobre como se espera que evolucione a explotación apícola en función das melloras implementadas e os retos por diante.

b) Facturas e nóminas.

1. No caso de que o responsable da realización da asistencia técnica sexa persoal asalariado, deberán achegarse, ademais das correspondentes nóminas, a «Relación nominal de traballadores» e «Recibo de liquidación de cotizacións» da Seguridade Social e o «Modelo 111» correspondente ao IRPF.

2. Para os contratos a terceiros, para poder ter en conta o IRPF como gasto subvencionable, a persoa beneficiaria deberá achegar o documento acreditativo do ingreso á Administración tributaria das cantidades retidas ao traballador en concepto de IRPF. Tamén será válido un certificado asinado pola autoridade responsable da xestión económico-financeira da entidade, que reflicta a relación de persoas intervenientes na actividade subvencionada, a cantidade retida en concepto de IRPF a cada unha delas, e a declaración expresa de que as ditas cantidades foron ingresadas á Administración Tributaria. Se non se achegase o documento acreditativo, a cantidade que se considerará imputable á subvención é a correspondente ao importe neto.



3. As facturas presentadas deben incluír, como mínimo, a seguinte información:

– Razón social e NIF do emisor da factura.

– Razón social e NIF da persoa receptora.

– Número.

– Data de emisión.

– Desagregación detallada de todos os conceptos, indicando o número de unidades e o prezo unitario, a base imponible e IVE de cada un deles no caso de que conteñan máis dun produto u concepto. Tamén deberán recoller aqueles conceptos promocionais ou sen cargo, as súas características, así como as circunstancias que os motivan.

– Base imponible.

– Tipo de IVE.

4. Os gastos virán acompañados do documento que verifique o pagamento efectivo, é dicir, un xustificante bancario do pagamento, o cal pode ser un xustificante de transferencia bancaria, un xustificante bancario de ingreso de efectivo por mostrador ou unha certificación bancaria.

No xustificante de pagamento constará o número da factura aboada, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, a empresa ou a entidade que emitiu a factura.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberase xuntar unha relación delas.

No caso dunha factura aboada en varios pagamentos, cada un dos xustificantes debe facer referencia á factura á cal se imputa o pagamento, así como acompañarse dunha relación de todos os documentos de pagamento e os importes acreditativos do pagamento desa factura.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, a xustificación do pagamento realizarase mediante a achega do correspondente extracto

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



bancario, acompañado dun dos seguintes documentos: a relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, a orde de pagamentos da empresa selada polo banco ou xustificante de recepción do proveedor.

Todos os pagamentos efectuados polas persoas beneficiarias xustificaranse mediante facturas e documentos de pagamento. Cando isto non sexa posible, os pagamentos xustificaranse mediante documentos de valor probatorio equivalente.

c) Se a actividade subvencionada correspondese á publicación en formato impreso, audiovisual ou multimedia de orixinais de material didáctico ou de divulgación sobre temas apícolas, dirixidos á formación en materia apícola, incluída a súa preparación e elaboración, sempre que a súa finalidade sexa a distribución de balde entre o público, entregárase, ademais do establecido no parágrafo anterior, un exemplar orixinal ou unha copia equivalente do material realizado, cunha memoria que indique o seu destino e a xustificación da distribución.

d) Se a axuda corresponde á realización de estudos recollidos nas accións 2.2.1, 6.1, 6.2 descritas no artigo 3 deberá achegarse unha copia destes.

e) No programa de loita contra a varroose, certificación/informe do persoal veterinario responsable respecto da/das explotación/s nas que é executado:

- Nome e apelidos.
- NIF.
- Código Rega da explotación.
- Número de colmeas implicadas.

– Nome comercial e doses de tratamento químico empregado ou que se vai empregar, se é o caso, e de cumprimento da normativa vixente en materia de medicamentos veterinarios.

f) Para as accións 2.1.1 e 2.1.2, as persoas físicas ou xurídicas titulares de explotacións apícolas, integradas ou non nunha agrupación de apicultores/as, que sexan persoas beneficiarias individuais, para o caso de produtos suxeitos a prescrición veterinaria, deberán achegar unha copia da receita ou receitas medicamentosas empregadas.



No caso das agrupacións, para o caso de produtos suxeitos a prescrición veterinaria deberá achegarse unha relación das receitas medicamentosas empregadas, en formato electrónico, concretamente nun arquivo '.csv'.

O arquivo conterá os seguintes campos, para cada unha das receitas:

Nome e apelidos do titular da explotación

– NIF.

– REGA.

– Nome do medicamento.

– Principio activo.

– Número de receita.

g) As persoas titulares de explotación beneficiarias a título individual achegarán un documento no que reflictan, de ser o caso, as variacións na cantidade de colmeas para as distintas accións e de trampas e atraente por asentamento respecto das indicadas na solicitude de axuda, así como o motivo da variación.

h) As persoas beneficiarias da acción 2.1.3. que non presentasen coa solicitude o anexo V «Documento guía sobre as condicións obxectivas baixo as cales é necesario aplicar a alimentación suplementaria de emerxencia ás abellas con fins sanitarios e climáticos» deberán achegalo coa xustificación.

Tamén deberán proceder do mesmo xeito as agrupacións beneficiarias desta acción presentando o anexo V de cada un dos apicultores para os que lle foi concedida a axuda.

Ademais, para xustificar esta acción é imprescindible que as facturas presentadas reflictan o número de quilos xustificadas de azucres e o seu importe e o número de quilos xustificadas doutros produtos para incrementar a vitalidade das colmeas e o seu importe.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



i) As agrupacións presentarán ademais:

i. Relación nominal de socios actualizada, en formato electrónico, concretamente nun arquivo '.csv' que conteña os seguintes campos, de cada un dos socios:

- Nome ou razón social.
- Primeiro apelido.
- Segundo apelido.
- Sexo.
- NIF.
- Código Rega da explotación.

Variacións nos datos considerados para a adxudicación, de ser o caso:

- Número de colmeas da explotación.
- Produto ou produtos empregados (accións 2.1.1, 2.1.2, 2.1.3, 2.1.4, 2.1.5.1, 2.1.5.2).
- Cantidade de cada un dos produtos (accións 2.1.3 e 2.1.4, 2.1.5.1, 2.1.5.2).
- Custo do gasto (accións 2.5.1, 2.5.2, 2.5.3, 2.5.5, 2.5.6, 3.3).
- Número de póliza (acción 2.5.4).
- Colmeas cubertas pola póliza de seguro da agrupación (acción 2.5.4).

Variacións no número de trampas que foron consideradas para a adxudicación dentro da acción 2.1.5, de ser o caso.

Variacións na cantidade de atraentes que foron considerados para a adxudicación dentro da acción 2.1.5, de ser o caso.

Todos os datos deberán ir en maiúsculas, sen acentos e os campos de tipo alfanumérico, sen espazos entre os caracteres.



ii. Unha copia en formato electrónico da anotación contable de cada un dos gastos e ingresos relacionados coa axuda, concretamente nun arquivo '.pdf'.

iii. Para o caso das facturas, deberán achegar unha relación das presentadas, en formato electrónico, concretamente nun arquivo '.csv', que conterá os seguintes campos, de cada unha:

- Número de identificación.
- Data
- Razón social do emisor.
- NIF do emisor.
- Razón social do receptor.
- NIF do receptor.
- Concepto ou produto.
- Número de unidades.
- Prezo unitario concepto ou produto.
- Importe concepto ou produto (base Imponible).
- Outros impostos
- IVE

5. En calquera caso, o órgano xestor poderá requirir toda a documentación adicional non recollida neste artigo que considere oportuna para comprobar a correcta execución das actuacións.

6. Xunto coa xustificación, a persoa beneficiaria presentará unha declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para un mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como dou-

CVE-DOG: m7yy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyir0zyl8



tros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, segundo o modelo recollido no anexo III.

7. A contía das axudas será satisfeita unha vez realizados os investimentos previstos en cada caso, tras a súa comprobación por parte dos servizos correspondentes da Consellería do Medio Rural. En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda. Para estes efectos, as agrupacións que estean incluídas nos supostos de non recuperación do IVE deberán comunicar esta circunstancia á Consellería do Medio Rural no momento da solicitude da axuda, mediante unha declaración responsable asinada polo representante legal ou a persoa na que teña delegada a representación a agrupación de apicultores/as.

8. As persoas beneficiarias teñen a obriga de conservar a documentación xustificativa relacionada coa operación comprendida dentro do sistema de financiamento do Feaga por un prazo de 3 anos contados desde o pagamento da axuda.

9. O incumprimento das obrigas asumidas pola persoa beneficiaria suporá a perda total ou parcial da axuda, así como a obriga de restituír as cantidades percibidas, sen prexuízo doutras responsabilidades en que puidesen incurrir as persoas beneficiarias.

Artigo 15. *Outras condicións*

En todas as actuacións e documentación relacionada coas actividades obxecto da axuda farase constar a frase «Esta actividade foi realizada cunha axuda económica da Consellería do Medio Rural, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e fondos Feaga da Unión Europea», cos correspondentes logotipos institucionais. Deberá existir constancia documental do cumprimento desta condición.

Artigo 16. *Modificación das axudas*

1. Producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei 38/2003.

2. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras adminis-



tracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, ou doutros ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

As modificacións que supoñan unha diminución do orzamento inicialmente aprobado supoñerán a redución proporcional da axuda concedida.

Artigo 17. *Control da execución das actuacións*

1. O control da execución dos programas executarase desde a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias, realizando as comprobacións e as inspeccións que considere necesarias, co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como do lóxico seguimento e control das axudas concedidas.

2. As persoas ou as entidades beneficiarias deberán comunicar previamente á súa realización, o lugar, as datas e as horas de realización das actividades obxecto de axuda con prazo suficiente para poder efectuar as comprobacións que se consideren oportunas. Ademais, están obrigados a facilitar os labores de inspección ao persoal técnico das distintas administracións que cofinancian o programa, e achegar todos os datos que sobre o particular lles sexan solicitados.

3. A persoa beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida polo órgano xestor, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas, o Tribunal de Contas e o Servizo de Auditoría Interna do Fogga no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

4. No suposto de que, unha vez notificada a resolución de concesión, houbera algunha variación no calendario, nos prazos de execución da actividade sinalados na memoria da solicitude, ou calquera outra modificación, será comunicada á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias coa antelación suficiente para que poida realizar as comprobacións que considere necesarias, para os efectos de tramitar e propoñer a aprobación ou denegación da devandita modificación.

Artigo 18. *Financiamento*

1. O financiamento das axudas recollidas na presente orde efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.713E.770.2 dos orzamentos da Comunidade Autónoma de



Galicia, na cal existe crédito adecuado para o ano 2025 de 1.481.539 euros (un millón catrocentos oitenta e un mil cincocentos trinta e nove euros). Esta axuda está cofinanciada polo Feaga da UE ata un 50 %, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) ata un 25 % e a porcentaxe restante a Xunta de Galicia en virtude do Regulamento (CE) núm. 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, e o Real decreto 906/2022. As ditas aplicacións orzamentarias poderán incrementarse con fondos adicionais, comunitarios, estatais e da comunidade autónoma.

2. En ningún caso poderá a axuda financeira do Estado membro ser superior á da Comunidade, en virtude do artigo 1 da decisión da Comisión do 10 de agosto de 2007. Polo tanto, a contía total de axudas aprobadas dependerá do importe de Feaga consignado a Galicia na repartición estatal.

3. Segundo o establecido no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, o crédito dispoñible para o financiamento destas axudas poderá ampliarse, previamente á resolución do expediente, se existe unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, ou pola existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito, incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

4. Esta convocatoria de axudas tramítase de acordo co establecido no artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, no que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto e coa Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro do 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto. Por iso, a súa eficacia queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o próximo ano 2025, no momento da resolución.

Artigo 19. *Reintegro da axuda, infraccións e sancións*

1. O interesado ten a obriga do reintegro, total ou parcial, da subvención ou axuda pública percibida, xunto cos xuros de demora xerados desde o seu pagamento nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003.

2. Se como consecuencia dos controis se detectasen incumprimentos na execución do programa de actuacións aprobado en aspectos relevantes para a súa efectividade, aplicaranse deducións sobre as axudas aprobadas ponderando a gravidade e frecuencia dos incumprimentos.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyir0zyl8



As deducións parciais aplicables serán as seguintes:

– Do 5 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 10 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 15 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 20 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 25 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 30 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

– Do 50 % do importe da axuda para o caso de incumprimentos relevantes detectados no 40 % das explotacións inspeccionadas ou controis realizados.

No caso de detectar un mesmo tipo de incumprimento na execución do programa sanitario en máis dun 40 % das explotacións gandeiras inspeccionadas dunha agrupación apícola perderase o dereito á axuda.

3. Aplicarase unha penalización por sobredeclaración no número de colmeas.

Entenderase por sobredeclaración a diferenza entre a cantidade de colmeas declaradas polo beneficiario na súa solicitude de axuda e a cantidade determinada pola autoridade competente tras os controis, e que se calcula como resultado da diferenza entre o número de colmeas declaradas ou potencialmente subvencionables e o número de colmeas determinado tras os controis, dividida entre o número de colmeas declaradas ou potencialmente subvencionables, e multiplicado por 100.

$$\% \text{ sobredeclaración} = \frac{(\text{n}^\circ \text{ de colmeas declaradas} - \text{n}^\circ \text{ de colmeas determinadas}) \times 100}{(\text{n}^\circ \text{ de colmeas declaradas}) \times 100}$$

4. Cando a axuda se pague en función do número de colmeas e se comprobe que existe unha sobredeclaración, a axuda calcularase para cada acción da seguinte forma:

a) Se a porcentaxe de sobredeclaración é menor ou igual ao 10 %, o número de colmeas sobre o que se calculará a axuda será o determinado nos controis.

b) Se a diferenza é superior ao 10 %, pero igual ou inferior ao 20 %, o número de colmeas sobre o que se calculará a axuda será o determinado nos controis, e, ademais, aplicarase unha penalización de acordo coa porcentaxe de sobredeclaración obtida.



c) Se a diferenza é superior ao 20 %, pero igual ou inferior ao 30 %, o número de colmeas sobre o que se calculará a axuda será o determinado nos controis e, ademais, aplicase unha penalización de acordo co dobre da porcentaxe de sobredeclaración obtido.

d) Se a diferenza é superior ao 30 %, pero igual ou inferior ao 50 %, a persoa beneficiaria perderá o dereito a cobrar a axuda.

e) Se a diferenza é superior ao 50 %, a persoa beneficiaria perderá o dereito á cobranza da axuda e, ademais, aplicase unha penalización adicional. O importe desta penalización adicional equivalerá á diferenza entre o número de colmeas declaradas e o número de colmeas determinadas no control. Se este importe non pode recuperarse integramente nos tres anos naturais seguintes a aquel en que se descubriu o incumprimento, cancelase o saldo pendente.

5. Cando a axuda non se pague en función do número de colmeas e se comprobe que existe unha sobredeclaración, a axuda calcularase para cada acción da seguinte forma:

a) Se a porcentaxe de sobredeclaración é menor ou igual ao 10 %, non se aplicará penalización.

b) Se a diferenza é superior ao 10 %, pero igual ou inferior ao 20 %, o importe determinado nos controis, e, ademais, aplicase unha penalización de acordo coa porcentaxe de sobredeclaración obtida.

c) Se a diferenza é superior ao 20 %, pero igual ou inferior ao 30 %, o importe determinado nos controis, e, ademais, aplicase unha penalización de acordo co dobre da porcentaxe de sobredeclaración obtida.

d) Se a diferenza é superior ao 30 %, pero igual ou inferior ao 50 %, a persoa beneficiaria perderá o dereito á cobranza da axuda.

e) Se a diferenza é superior ao 50 %, a persoa beneficiaria perderá o dereito á cobranza da axuda e, ademais, aplicase unha penalización adicional. O importe desta penalización adicional equivalerá á diferenza entre o número de colmeas declaradas e o número de colmeas determinadas no control, aplicado sobre a axuda determinada nos controis. Se este importe non pode recuperarse integramente nos tres anos naturais seguintes a aquel en que se descubriu o incumprimento, cancelase o saldo pendente.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



6. Cando a solicitude sexa presentada por unha agrupación, a penalización só se aplicará sobre o apicultor individual controlado sobre o terreo a quen, se é o caso, se detecte a sobredeclaración.

7. Perderase o dereito á cobranza da axuda correspondente a un tipo de intervención determinado cando non quede acreditado un investimento subvencionable equivalente, polo menos, ao 60 % da axuda inicialmente aprobada, ou, se é o caso, modificada, para ese tipo de intervención.

8. Cando a sobredeclaración ou a non acreditación da porcentaxe de investimento subvencionable establecida no punto 7 se deba a causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, non se aplicará ningunha penalización.

9. No que respecta aos impagos e penalizacións, e sen prexuízo de posteriores actuacións efectuadas pola autoridade inspectora no ámbito das súas competencias, será de aplicación o seguinte:

a) No caso de producirse calquera pagamento indebido por mor de irregularidades, garantirase a protección dos xuros financeiros de acordo coa lexislación vixente. En caso de fraude ou negligencia grave dos que sexan responsables as persoas beneficiarias, levaranse a cabo actuacións nos termos previstos na lexislación aplicable á PAC.

b) En caso de constatación de falta de pagamentos, penalizacións, fraude dos que se atope responsables as persoas beneficiarias, segundo o establecido no artigo 59 do Regulamento (UE) núm. 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, de tal forma que se poderá levar a cabo unha suspensión, retirada ou exclusión segundo se indica no citado regulamento, que poderán fixarse nun máximo de tres anos consecutivos renovables en caso dun novo incumprimento.

c) Procederase á recuperación da axuda nos casos que recolla o artigo 11.9 do Regulamento delegado 2022/126 da Comisión, do 7 de decembro de 2021.

Artigo 20. *Incumprimentos*

Se o beneficiario da axuda cumpre coas condicións establecidas na resolución de concesión, executando e xustificando todos os conceptos e elementos dos investimentos aprobados nos prazos establecidos, e cumprindo co resto dos requisitos establecidos, procederá a aboarse a totalidade da subvención concedida.

CVE-DOG: m7yy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



En calquera outro caso considerarase que existe un incumprimento, que poderá ser parcial ou total.

1. Considérase que existe un incumprimento parcial cando o beneficiario non realice ou non xustifique nos prazos establecidos a totalidade do importe do investimento subvencionado, e o importe dos conceptos e elementos xustificados admisibles coincidentes cos aprobados representen como mínimo o 60 % do importe total do investimento subvencionable aprobado, e se cumpra co resto dos requisitos establecidos. Neste caso aboarase a parte proporcional da subvención correspondente ao investimento admisible.

No caso de que se comprobe que para un tipo de intervención, a persoa beneficiaria non executou un importe equivalente polo menos ao 60 % do investimento inicialmente aprobado, aplicarase unha penalización de tal forma que non se pagará o importe de axuda correspondente a toda a intervención.

Se o feito de que non se executara polo menos o 60 % do investimento inicialmente aprobado para a intervención obedece a causas de forza maior ou circunstancias excepcionais, pagarase a axuda correspondente as accións efectivamente executadas.

2. Considerarase que existe un incumprimento total nos seguintes casos:

a) Cando o importe total dos gastos e elementos admisibles realizados e xustificados polo beneficiario que sexan coincidentes cos aprobados non alcance, como mínimo, o 60 % do investimento total subvencionable aprobado.

b) Cando non se executen e xustifiquen nos prazos establecidos todas as accións que formen parte da operación global cuberta pola solicitude de axuda, aprobada ou modificada, salvo nos casos de forza maior ou circunstancias excepcionais na acepción do artigo 3.1 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021. No caso de incumprimento total, o beneficiario non cobrará ningunha axuda e deberá devolver, de ser o caso, os importes xa percibidos, sen prexuízo das sancións establecidas no artigo 56, letra c), da Lei 38/2003.

3. Ademais, sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores, deberán terse en conta as causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007.

Artigo 21. *Devolución voluntaria da subvención*

As persoas beneficiarias que pretendan devolver voluntariamente as axudas concedidas deberán presentar unha solicitude de devolución voluntaria segundo o modelo que figura como anexo IV, xunto co certificado bancario de devolución da axuda concedida.

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



Artigo 22. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que se atopen vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 23. *Admisibilidade do imposto sobre o valor engadido*

1. O imposto sobre o valor engadido non será subvencionable, agás se non é recuperable de conformidade coa lexislación nacional aplicable sobre o IVE, cando sexa soportado de forma efectiva e definitiva por persoas beneficiarias distintas dos suxeitos non pasivos mencionados no artigo 13, punto 1, parágrafo primeiro, da Directiva 2006/112/CE do Consello.

2. Para que o IVE non recuperable sexa subvencionable un perito mercantil ou un auditor legal da persoa beneficiaria deberá demostrar que o importe pagado non se recuperou e consígnase como un gasto na contabilidade da persoa beneficiaria.

Artigo 24. *Compatibilidade das axudas.*

1. Non se financiarán cos fondos da Intervención Sectorial Apícola as intervencións que estean recollidas nos programas de desenvolvemento rural ao abeiro do Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, relativos á axuda ao desenvolvemento rural salvo que concorran ao mesmo tempo estas tres circunstancias:

a) O investimento é subvencionable tanto no marco da Intervención Sectorial do FEAGA como da intervención de desenvolvemento rural na que estea programado o instrumento financeiro.

b) A suma total dos importes financiados no marco da Intervención Sectorial do FEAGA e do equivalente en subvención bruta do instrumento financeiro do Feader non supera



a intensidade máxima de axuda ou o importe máximo de axuda aplicables a ese tipo de intervención do Feader a que se refire o título III do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021.

c) Co fin de respectar o principio de prohibición do dobre financiamento, os gastos declarados á Comisión no marco da Intervención Sectorial do FEAGA non se financiarán nin declararán no marco da operación do instrumento financeiro do Feader, e viceversa.

2. A percepción das subvencións previstas nesta orde para financiar a acción presentada será incompatible coa de calquera outras que, para a mesma finalidade e obxecto, puidesen establecer outras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais.

Disposición adicional primeira

As actividades subvencionables por esta orde enmárcanse no disposto no Regulamento (UE) 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen as normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os Estados membros no marco da política agrícola común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), e polo que se derrogan os regulamentos (UE) núm. 1305/2013 e (UE) núm. 1307/2013, no marco da Intervención Sectorial Apícola recollida no Plan estratéxico nacional da política agrícola común (PAC) do Reino de España 2023-2027, así como no Real decreto 906/2022.

Disposición adicional segunda

En todas aquelas cuestións non previstas nesta orde será de aplicación o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da citada lei e nas súas normas de desenvolvemento, sen prexuízo da aplicación das normas de organización e procedemento dispostas na Lei 9/2007 e no Decreto 11/2009.

Disposición adicional terceira

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase á Base de datos nacional de subvencións a información e o texto da convocatoria para a súa publicación na citada base e o seu extracto no *Diario Oficial de Galicia*.

CVE-DOG: m7yy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyr0zyl8



Disposición adicional cuarta

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitude, dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos, e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias para ditar as instrucións precisas para a aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2024

M^a José Gómez Rodríguez
Conselleira do Medio Rural

CVE-DOG: m7vy3hh3-2vx7-zyf5-9546-vojvyir0zyl8



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA
DO MEDIO
RURAL

ANEXO I

PROCEDEMENTO

RÉXIME DE AXUDAS Á APICULTURA: SOLICITUDE INDIVIDUAL DE PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS APÍCOLAS

CÓDIGO DE PROCEDEMENTO

MR506A

DOCUMENTO

SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

XÉNERO

☐ HOME☐ MULLER☐ NON BINARIO☐ PREFIRE NON DICILO☐ SEN PREVALENCIA

ENDEREZO

PAÍS

TIPO

NOME DA VÍA

NÚM.

BLOQ.

ANDAR

PORTA

CÓDIGO POSTAL

PROVINCIA

CONCELLO

LOCALIDADE

CONTACTO

PREFIXO

TELÉFONO 1

PREFIXO

TELÉFONO 2

CORREO ELECTRÓNICO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de [Notifica.gal](https://notifica.gal):

PREFIXO TELÉFONO MÓBIL CORREO ELECTRÓNICO

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida para elas nin produza efectos unha opción diferente.

- ☐ **Electrónica** a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal) (<https://notifica.xunta.gal>).
Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

- ☐ **Postal** (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente).

PAÍS

TIPO NOME DA VÍA NÚM. BLOQ. ANDAR PORTA

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO LOCALIDADE

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN

☐ Formato BIC

Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DE CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN



ACCIÓN/S DE AXUDA SOLICITADA/S POLA PROPIA PERSOA FÍSICA OU XURÍDICA
INTERVENCIÓN 2. INVESTIMENTOS EN ACTIVOS MATERIAIS E INMATERIAIS
CUSTO TOTAL (€)
2.1: LOITAR CONTRA OS INVASORES E AS ENFERMIDADES DAS COLMEAS, EN PARTICULAR A VARROOSE.

☐ ACCIÓN 2.1.1: Tratamentos contra a varroose, autorizados pola Axencia Española do Medicamento	
☐ ACCIÓN 2.1.2: Tratamentos contra a varroose compatibles coa apicultura ecolóxica	
☐ ACCIÓN 2.1.3: Produtos para incrementar a vitalidade das colmeas	
☐ ACCIÓN 2.1.4: Renovación e acondicionamento de cera	
☐ ACCIÓN 2.1.5.1: Adquisición de trampas e atraente para a captura e eliminación da <i>Vespa velutina</i>	
☐ ACCIÓN 2.1.5.2: Equipamentos de protección e outras medidas para a captura, a eliminación, a disuasión e o control da <i>Vespa velutina</i>	

2.2: PREVER OS DANOS OCASIONADOS POR FENÓMENOS CLIMÁTICOS ADVERSOS

☐ ACCIÓN 2.2.1: Estudos que inclúan exemplos prácticos do manexo e da xestión nas explotacións apícolas	
☐ ACCIÓN 2.2.2: Gastos de investimento en equipamento para adaptación aos cambios climáticos	

2.3. REPOBOAR AS COLMEAS NA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE CRÍA DE ABELLAS

☐ ACCIÓN 2.3.1: Investimento para a cría de raíñas	
☐ ACCIÓN 2.3.2: Adquisición de raíñas e exames de especies ou subespecies non autóctonas	

2.4 RACIONALIZACIÓN DA TRANSHUMANCIA

☐ ACCIÓN 2.4.1: Adquisición, conservación e mellora da maquinaria e os equipamentos para a manipulación das colmeas	
--	----------------------

2.5 INVESTIMENTOS EN ACTIVOS TANXIBLES E INTANXIBLES

☐ ACCIÓN 2.5.1: Investimentos e accións destinadas á mellora da produtividade e do rendemento das colmeas	
☐ ACCIÓN 2.5.2: Mellora e acondicionamento de asentamentos, camiños e sendas	
☐ ACCIÓN 2.5.3: Software e equipamentos para monitorización de colmeas	
☐ ACCIÓN 2.5.4: Cota do seguro de responsabilidade civil das colmeas	
☐ ACCIÓN 2.5.5: Sistemas de protección, vixilancia antirroubo ou de xeolocalización das colmeas	
☐ ACCIÓN 2.5.6: Equipamentos de envasado e etiquetaxe e equipamentos de mellora da calidade do mel	

INTERVENCIÓN 3. ACTUACIÓNS PARA PRESTAR AXUDA AOS LABORATORIOS DE ANÁLISE

☐ ACCIÓN 3.1: Contratación de servizos da análise do mel e os produtos apícolas	
